



**Federación Galega  
de Caza**

*Gabinete de Comunicación*



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

## **A RFEC organiza unha mesa de traballo sobre accidentes de tráfico causados por especies cinexéticas**

O vindeiro 18 de marzo a Real Federación Española de Caza reunírase, nunha intensa xornada de traballo, coas súas federacións e representantes das distintas asociacións cinexéticas para debater se é posible un cambio legislativo no tema dos accidentes de tráfico sobre especies cinexéticas e qué opina o sector cinexético.



Tras a discusión das propostas e aprobación de conclusións e traballos, darase traslado, nunha segunda mesa de traballo, ás administracións, aos partidos políticos e a xudicatura das conclusións e reivindicacións alcanzadas polo sector cinexético.

Nesta xornada escoitarase aos representantes dos cidadáns, aos partidos políticos, aos xuíces encargados de aplicar as leis e ás administracións, pois trátase de implicar a todos aqueles que teñen que ver co asunto e, en función das conclusións, a RFEC deseñará unha folla de ruta co fin de propoñer solucións ao problema dos accidentes.

**Fonte:** Gabinete de Prensa de la RFEC

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>